

Intervención

EXPEDIENTE.- 2021/G003/000881

PROCEDIMIENTO.- Tramitación de Decretos

RESOLUCIÓN

Asunto: LISTAXE DEFINITIVA CAPATAZ DO SERVICIO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS (RSU) TEMPORAL

Na Casa Consistorial do Concello de Arteixo (A Coruña), o Alcalde-Presidente, D. Carlos Calvelo Martínez, ante mío, Secretario Xeral, ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**

En base ás competencias do artigo 21.1 da Lei 11/99 de modificación da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local e, de conformidade ao establecido polo Real Decreto Lei 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007 de 13 de abril do Estatuto do Empregado Público e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

E segundo o estipulado na convocatoria e bases reguladoras do proceso de selección de selección de carácter temporal, para a contratación de un/ha capataz do servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos (RSU), polo procedemento de concurso de méritos, aprobadas por Decreto número 368/2021 de 14 de febreiro de 2021. Por todo o exposto,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as no devandito proceso selectivo, de conformidade coa listaxe de seguido referida:

ADMITIDOS/AS:

1. BOLAÑO RODRÍGUEZ, JAVIER
2. FERNÁNDEZ SANTOS, MANUEL
3. PAZ GIL, ENRIQUE
4. VÁZQUEZ LAGARES, CÉSAR

EXCLUÍDOS/AS:

Ningún

SEGUNDO.- Convocar aos membros do Tribunal para a súa constitución e valoración de méritos presentados polos aspirantes, o día 13 de abril a las 9:30 horas no salón de plenos da Casa Consistorial.

TERCEIRO.- Convocar aos/as aspirantes admitidos/as, o día 13 de abril a las 12:00 horas, na Casa Consistorial, para a realización da entrevista segundo orde alfabética:

1. BOLAÑO RODRÍGUEZ, JAVIER
2. FERNÁNDEZ SANTOS, MANUEL

3. PAZ GIL, ENRIQUE
4. VÁZQUEZ LAGARES, CÉSAR

CUARTO.- Comunicar os aspirantes que debido ás medidas implantadas polo Protocolo municipal de prevención de riscos da COVID-19, deberán persoarse, na data e horario sinalado, na carpa exterior da Casa Consistorial do Concello de Arteixo provistos de DNI ou identificación análoga.

Os aspirantes deberán vir provistos **obrigatoriamente de mascarilla** quirúrxica ou equivalente (ffp2 homologada). No control de acceso, os membros do Tribunal quedan habilitados para solicitar a substitución dunha mascarilla non quirúrxica, facilitando unha municipal. A negativa de uso obrigatorio de mascarilla ou de substitución da mesma pola mascarilla quirúrxica facilitada, significará a imposibilidade de acceder ao recinto de exame, resultando directamente como "Non presentada/o"

Os aspirantes deberán hacer uso obrigatorio do **xel hidroalcohólico** posto a disposición á entrada e á saída da Casa Consistorial.

Pola excepcional situación sanitaria, considerarase **causa de forza maior** a inasistencia ao chamamento por situación de aillamento preventivo determinado polo SERGAS, corentena por PCR positivo e calquera outra análoga. Deberase acreditar tal circunstancia, con carácter previo e documentalmente vía email ao departamento de persoal (persoal@arteixo.org), rexistro de entrada ou sede electrónica. O Tribunal analizará cada unha das situacións, a fin de determinar a procedencia dun novo chamamento posterior para estes casos

Tras a finalización da entrevista, os aspirantes abandonarán o recinto da mesma, debendo abandonar as instalacións.

O Tribunal reservase a adopción de medidas complementarias de control no acceso, como **lectura de temperatura** os aspirantes, non permitindo o acceso daqueles que presenten temperatura superior aos 37'5º e calquera outra que se considere procedente segundo as instrucións sanitarias do momento, contando se fora preciso co asesoramento do Servizo de prevención

QUINTO.- Dar traslado ao departamento de persoal para que procedan a inmediata publicación no taboleiro de edictos do Concello e na web municipal.

SEXTO.- Dar traslado aos membros do Tribunal, titulares e suplentes, xunto con copia das bases da convocatoria.

En Arteixo, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Calvelo Martínez, do que eu, D. José Carmelo Sánchez Presedo, como Secretario Xeral dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).